CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

CIF: P1504100G
DIR3: L01150406

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 28 DE MAIO DE 2026**

En Laxe, sendo as 20:00 horas do 28 de maio de 2026, reúnense, no Salón de Plenos do Concello, aos efectos de celebración da sesión ordinaria, o alcalde, don Francisco Charlín Oróns (PP), presidindo o Pleno e os concelleiros:

Dona Raquel Lema Allo (PP)
Dona Sandra Mouzo Pose (PP)
Don Daniel Mata Martínez (PP)
Don Eulogio Constantino Castiñeira (PP)
Dona Begoña Gegúndez Allo (PP)

Don Don Xosé Manuel Pose Lema (BNG)
Dona María Cristina Vázquez del Prisco (BNG)
Dona Isabel María Toja Toja (BNG)

Don Francisco José Vidal Castro (Integrante do Grupo mixto e representante do PSdeG PSOE)

Don Fernando del Moral Regaldíe, concelleiro non adscrito.

Aberta a sesión pola Presidencia e antes de analizar os puntos incluídos na Orde do Día, dase conta do escrito presentado por don Fernando del Moral Regaldíe, no que manifesta:
*“Como concelleiro electo desta corporación, presenteime ás pasadas eleccións municipais baixo a coalición denominada "UNIDAS PODEMOS", como unión das formacións de Esquerda Unida e Podemos. Dado que a devandita coalición foi disolvida recentemente.*
*Informo a esta Corporación municipal, de que debido a esto, paso a denominarme"CONCELLEIRO NON ADSCRITO*"

A continuación analízanse os puntos incluídos na Orde do Día:

**A) PARTE RESOLUTIVA**

**1. APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA: 26/03/2026. EXPTE. NÚM. 2026/G006/000011.**

Dase conta do borrador da acta da sesión anterior de data 26/03/2026 para a súa consideración polo Pleno da Corporación.

Non habendo intervencións, sométense a votación o borrador de 26/03/2026, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** 11 [(6 do PP (don Francisco Charlín Oróns, dona Raquel Lema Allo, dona Sandra Mouzo Pose, don Daniel Mata Martínez, don Eulogio Constantino Castiñeira e dona Begoña Gegúndez Allo), 3 do BNG (don Xosé Manuel Pose Lema, dona María Cristina Vázquez del Prisco e dona Isabel María Toja Toja), 1 do concelleiro do Grupo Mixto, (don Francisco José Vidal Castro) representante do PsdeG PSOE e 1 do concelleiro non adscrito (don Fernando del Moral Regaldíe)]
**VOTOS EN CONTRA:** 0
**ABSTENCIÓNS**: 0

Queda por tanto, aprobado o borrador do pleno de data 26/03/2026.

**2. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE NÚM. 2025/C004/000002 EN CANTO Á CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO, DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DESTE CONCELLO DE LAXE, TRAMITACIÓN ORDINARIA, SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA.**

Dase conta da seguinte proposta:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 01/07/2026 14:18:00) , Francisco Charlín Orons (FECHA: 02/07/2026 09:51:00)
Versión imprimible
CVD: ReavZPTVVB2/d47JB8cI Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.laxe.es/

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

CIF: P1504100G
DIR3: L01150406

*"PROPOSTA DE ALCALDÍA PARA O PLENO DA CORPORACIÓN*
*Asunto: Aprobación do expediente de contratación do Servizo de axuda no fogar do Concello de Laxe*
*Expte. Admvo. Núm. 2025/C004/000002*
*Visto o expediente que se tramita para a contratación do Servizo de axuda no fogar do Concello de Laxe (expte. Admvo 2025/C004/000002).*
*Vista a memoria xustificativa e a providencia de Alcaldía de data 20/05/2026 que constan no expediente municipal, na que se xustifica a necesidade desta contratación, nos termos do art. 28 do TRLCSP, e se inician os trámites para levar a cabo a contratación do servizo de axuda no fogar deste Concello, mediante procedemento aberto con pluralidade de criterios de adxudicación, tramitación ordinaria e suxeito a regulación harmonizada.*
*O contrato ten a cualificación de contrato administrativo de servizos, tal e como establecen os artigos 17 e 25 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).*
*Visto que o valor estimado como máximo ascende a dous millóns seiscentos oitenta mil cento sesenta e tres euros con sesenta e nove céntimos (2.680.163,69 €), IVE non incluído, e que o orzamento de licitación ascende a un millón cento trinta e un mil novecentos setenta e seis euros con noventa e catro céntimos (1.131.976,94 €), proponse a adxudicación mediante procedemento aberto do artigo 156 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), no que se empregarán criterios de adxudicación cuantificables automaticamente e criterios baseados en xuízos de valor.*
*Vistos os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas para a contratación do servizo de axuda no fogar do Concello de Laxe, de data 22/05/2026 redactados para a licitación deste contrato, que constan no expediente 2025/C004/000002.*
*Visto o informe de insuficiencia de medios redactado en data 07/05/2026, que sostén que este concello non conta con medios persoais nin materiais suficientes para acometer esta actuación, en base ao disposto no artigo 116.4.f) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.*
*Constan informe favorable emitido pola Secretaría-Intervención municipal, en data 22/05/2026 e consta certificado de existencia de crédito na aplicación orzamentaria 231.22799 para afrontar o gasto correspondente á parte proporcional da anualidade 2026.*
*Vistas as disposicións adicionais segunda e terceira da LCSP, ao respecto das competencias en materia de contratación das entidades locais, PROPONSE ao Pleno da Corporación que adopte acordo favorable sobre o seguinte:*
*PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada e tramitación ordinaria do contrato de servizos denominado Contrato de Servizos de axuda no fogar do Concello de Laxe, cun orzamento total de licitación, de acordo co estudo económico de:*

| *PREZO CONTRATO SAF LAXE* | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | *%* | *PREZO HORA* | | *% IVE* | *IVE* | *TOTAL* |
| *DEPENDENCIA* | *20.064,70* | *91,27* | *24,59* | *493.390,97* | *4* | *19.735,64* | *513.126,61* |
| *BÁSICO* | *1.954,30* | *8,88* | *24,59* | *48.056,24* | *10* | *4.805,62* | *52.861,86* |
| | | | | | | | |
| *TOTAIS* | *22.019* | *100* | | *541.447,21* | | *24.541,26* | *565.988,47* |

*E un valor estimado de:*

| | |
|---|---|
| *ORZAMENTO ANUAL SEN IVE* | *541.447,21€* |
| *ORZAMENTO DURACIÓN INICIAL (2 ANOS) SEN IVE* | *1.082.894,42€* |
| *PRÓRROGAS (2 ANOS MÁXIMO) SEN IVE* | *1.082.894,42€* |
| *OPCIÓN EVENTUAL PRÓRROGA 9 MESES* | *406.085,41€* |
| *MODIFICACIÓNS SEN IVE (20%)* | *108.289,44€* |
| *VALOR ESTIMADO CONTRATO* | *2.680.163,69€* |

*A duración do contrato será de 2 anos, máis a posibilidade de dúas prórrogas de un ano cada unha, ata alcanzar un máximo total de 4 anos. Asi como a posible prórroga de 9 meses á que se refire o artigo 29.4 da LCSP.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 01/07/2026 14:18:00) , Francisco Charlín Orons (FECHA: 02/07/2026 09:51:00)
Versión imprimible
CVD: ReavZPTVVB2/d47JB8cI Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.laxe.es/

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

CIF: P1504100G
DIR3: L01150406

*SEGUNDO. Aprobar o gasto pola parte proporcional correspondente á anualidade do ano 2026 respecto do importe total anual, por importe de de 94.331,41 euros, de conformidade co disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.*
*Os vindeiros exercicios económicos quedarán condicionados á existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente en cada exercicio económico.*
*TERCEIRO. Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexen a contratación do Servizo de axuda no fogar do Concello de Laxe, redactado con data do 22/05/2025, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada e tramitación ordinaria.*
*CUARTO. Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas que rexen a contratación do Servizo de axuda ano fogar do Concello de Laxe, redactado con data do 22/05/2025.*
*QUINTO. Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación do presente contrato por procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación, tramitación ordinaria, regulación harmonizada, acordándose a non división en lotes segundo se xustifica no expediente de referencia.*
*SEXTO. Designar á traballadora social como responsable do presente contrato, de conformidade co establecido no artigo 62 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.*
*SÉTIMO. Designar aos membros da Mesa de Contratación e publicar a súa composición no perfil de contratante:*
*<u>Presidente</u>: O concelleiro de persoal, obras, servizos e praias do Concello de Laxe ou persoa que legalmente o substitúa.*
*<u>Vogais</u>: A secretaria interventora do Concello de Laxe, ou persoa que legalmente a substitúa.*
*A traballadora social do Concello de Laxe ou persoa que legalmente a substitúa.*
*A xefa do Negociado de Intervención e Contabilidade do Concello de Laxe ou persoa que legalmente a substitúa*
*<u>Secretaria</u>: A AEDL do Concello de Laxe, ou persoa que legalmente a substitúa*
*OITAVO. Conforme establece a cláusula 2.3.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares, ao tratarse dun contrato de servizos suxeito a regulación harmonizada a licitación anunciarase, ademais de no Perfil de Contratante do Concello, no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE). Con carácter exclusivo e excluínte presentaranse as ofertas a través da plataforma de contratos do sector público.*
*NOVENO. Delegar na Alcaldía-Presidencia a xestión dos trámites ulteriores do presente expediente, de conformidade ao disposto no artigo 51 do Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais en relación coa Disposición Adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. Esta delegación producirá efectos desde o día seguinte ao da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no BOP da Coruña."*

Aberto o debate intervén nun primeiro lugar dona Cristina Vázquez del Prisco, concelleira do BNG, valorando positivamente a licitación e manifestando a súa satisfacción, a pesar de que non é exactamente o prego que o seu partido desexaría.
Indica que lle gustaría un mínimo de titulación para as auxiliares e unha solución para os desprazamentos entre domicilios.
A continuación intervén o concelleiro do Grupo Mixto e representante do PSdeG-PSOE, don Francisco José Vidal Castro preguntando polo número de usuarios do servizo, respondendo o sr. alcalde que de media son 122.
Toma a palabra o concelleiro non adscrito, don Fernando del Moral Regaldíe para manifestar a súa disconformidade con determinados aspectos do prego e indica a necesidade de introducir cuestións varias como una cláusula de reversión, a división en lotes independentes ou o requisito do coñecemento da lingua galega entre outras.
Intervén o sr. alcalde sinalando a importancia do contrato e a inviabilidade das modificacións propostas.
Por último intervén o concelleiro do BNG, don Xosé Manuel Pose Lema indicando que a totalidade do custe debería asumilo a Xunta posto que a competencia non é municipal.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 01/07/2026 14:18:00) , Francisco Charlín Orons (FECHA: 02/07/2026 09:51:00)
Versión imprimible
CVD: ReavZPTVVB2/d47JB8cI Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.laxe.es/

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

CIF: P1504100G
DIR3: L01150406

Pecha o debate o sr. alcalde replicando que a parte que non cumpre é o Estado.
O concelleiro non adscrito, don Fernando del Moral Regaldíe fai constar que a súa abstención está motivada por non estar ao 100% dacordo coa proposta, aínda que si coa licitación.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación a moción proposta, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** 10 [(6 do PP (don Francisco Charlín Oróns, dona Raquel Lema Allo, dona Sandra Mouzo Pose, don Daniel Mata Martínez, don Eulogio Constantino Castiñeira e dona Begoña Gegúndez Allo), 3 do BNG (don Xosé Manuel Pose Lema, dona María Cristina Vázquez del Prisco e dona Isabel María Toja Toja) e 1 do concelleiro do Grupo Mixto, (don Francisco José Vidal Castro) representante do PsdeG PSOE)]
**VOTOS EN CONTRA:** 0
**ABSTENCIÓNS**: 1 do concelleiro non adscrito (don Fernando del Moral Regaldíe

Polo tanto queda aprobada a seguinte proposta:

**PRIMEIRO.** Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada e tramitación ordinaria do contrato de servizos denominado Contrato de Servizos de axuda no fogar do Concello de Laxe, cun orzamento total de licitación, de acordo co estudo económico de:

| **PREZO CONTRATO SAF LAXE** | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | % | PREZO HORA | | % IVE | IVE | TOTAL |
| **DEPENDENCIA** | 20.064,70 | 91,27 | 24,59 | 493.390,97 | 4 | 19.735,64 | 513.126,61 |
| **BÁSICO** | 1.954,30 | 8,88 | 24,59 | 48.056,24 | 10 | 4.805,62 | 52.861,86 |
| | | | | | | | |
| **TOTAIS** | 22.019 | 100 | | 541.447,21 | | 24.541,26 | 565.988,47 |

E un valor estimado de:

| | |
|---|---|
| ORZAMENTO ANUAL SEN IVE | 541.447,21€ |
| ORZAMENTO DURACIÓN INICIAL (2 ANOS) SEN IVE | 1.082.894,42€ |
| PRÓRROGAS (2 ANOS MÁXIMO) SEN IVE | 1.082.894,42€ |
| OPCIÓN EVENTUAL PRÓRROGA 9 MESES | 406.085,41€ |
| MODIFICACIÓNS SEN IVE (20%) | 108.289,44€ |
| VALOR ESTIMADO CONTRATO | **2.680.163,69€** |

A duración do contrato será de 2 anos, máis a posibilidade de dúas prórrogas de un ano cada unha, ata alcanzar un máximo total de 4 anos. Asi como a posible prórroga de 9 meses á que se refire o artigo 29.4 da LCSP.

**SEGUNDO**. Aprobar o gasto pola parte proporcional correspondente á anualidade do ano 2026 respecto do importe total anual, por importe de de 94.331,41 euros, de conformidade co disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.
Os vindeiros exercicios económicos quedarán condicionados á existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente en cada exercicio económico.

**TERCEIRO.** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexen a contratación do Servizo de axuda no fogar do Concello de Laxe, redactado con data do 22/05/2025, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada e tramitación ordinaria.

**CUARTO.** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas que rexen a contratación do Servizo de axuda ano fogar do Concello de Laxe, redactado con data do 22/05/2025.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 01/07/2026 14:18:00) , Francisco Charlín Orons (FECHA: 02/07/2026 09:51:00)
Versión imprimible
CVD: ReavZPTVVB2/d47JB8cI Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.laxe.es/

**QUINTO.** Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación do presente contrato por procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación, tramitación ordinaria, regulación harmonizada, acordándose a non división en lotes segundo se xustifica no expediente de referencia.

**SEXTO.** Designar á traballadora social como responsable do presente contrato, de conformidade co establecido no artigo 62 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

**SÉTIMO.** Designar aos membros da Mesa de Contratación e publicar a súa composición no perfil de contratante:
Presidente: O concelleiro de persoal, obras, servizos e praias do Concello de Laxe ou persoa que legalmente o substitúa.
Vogais: A secretaria interventora do Concello de Laxe, ou persoa que legalmente a substitúa.
A traballadora social do Concello de Laxe ou persoa que legalmente a substitúa.
A xefa do Negociado de Intervención e Contabilidade do Concello de Laxe ou persoa que legalmente a substitúa
Secretaria: A AEDL do Concello de Laxe, ou persoa que legalmente a substitúa

**OITAVO.** Conforme establece a cláusula 2.3.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares, ao tratarse dun contrato de servizos suxeito a regulación harmonizada a licitación anunciarase, ademais de no Perfil de Contratante do Concello, no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE). Con carácter exclusivo e excluínte presentaranse as ofertas a través da plataforma de contratos do sector público.

**NOVENO.** Delegar na Alcaldía-Presidencia a xestión dos trámites ulteriores do presente expediente, de conformidade ao disposto no artigo 51 do Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais en relación coa Disposición Adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. Esta delegación producirá efectos desde o día seguinte ao da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no BOP da Coruña.

**3. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE NÚM. 2026/X999/000037 DE RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 5/2026, REPARO NÚM. 8/2026.**
Dase conta da seguinte proposta:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA PLENO
APROBACIÓN, SI PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 5/2026
N.º Reparo 8/2026
Nº Exp 2026/X998/000037
Vista a proposta da alcaldía de data 20 de abril de 2026 por importe de 9.070,59 euros, correspondentes actuacións de exercizos pechados que precisan do previo recoñecemento extraxudicial de créditos polo Pleno para poder ser aprobados, tal e como dispón o artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenrola o capítulo primeiro do titulo sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de presupostos e artigo 15.2 do Real Decreto 424/2017, polo que se regula o rexime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.
Considerando o informe de reparo de intervención de data 19 de maio de 2026, e advertido do principio de anualidade do orzamento e de especialidade dos créditos a gastar por unha entidade pública, e tendo en conta a atenuación pola Xurisprudencia da aplicación deles en virtude do principio de enriquecemento inxusto que obriga a Administración a pagar aqueles traballos efectuados.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 01/07/2026 14:18:00) , Francisco Charlín Orons (FECHA: 02/07/2026 09:51:00)
Versión imprimible
CVD: ReavZPTVVB2/d47JB8cI Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.laxe.es/

Considerando que se trata de gastos necesarios para a realización da actividade municipal, que se axusta ao prezo de mercado e que foron prestados a satisfacción desta administración municipal.
Considerando os art. 26.2 e 60.2 do RD 500/1990, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:
PRIMEIRO.- Solventar a discrepancia formulada no informe de reparo de intervención nº 8/2026 de data de 19 maio de 2026 e aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de obrigas nº 5/2026 cun importe de 9.070,59 euros, procedendo ao pago con cargo ás aplicacións orzamentarias sinaladas por considerar que existen razóns de interese público que aconsellan non acudir a vía de revisión de oficio polos perxuizos que iso puidera ocasionar para os admnistrados e para os terceiros que actúan de boa fe e por tratarse de servizos ou subministros efectivamente executados e conformados pola Alcaldía ou concelleiro responsable.

| Nº de Entrada | Fecha | Nº de Documento | Fecha Dto. | Importe Total | Situación | Tercero | Nombre | Texto Explicativo | Aplic. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 20/11/2025 | 202599900001098 | 20/11/2025 | 666,99 | CO | H15896806 | COMUNIDADE PROPIETARIOS EDIFICIO PLAZA, 28 EN LAXE | COTAS MENSUAIS E GASTOS DO SEGURO DA COMUNIDADE 2024 | 2026 920 22699 |
| | 20/11/2025 | 202599900001099 | 20/11/2025 | 803,25 | CO | H15896806 | COMUNIDADE PROPIETARIOS EDIFICIO PLAZA, 28 EN LAXE | COTAS MENSUAIS E GASTOS DO SEGURO DA COMUNIDADE 2025 | 2026 920 22699 |
| | 20/11/2025 | 202599900001100 | 20/11/2025 | 493,89 | CO | H15430093 | COMUNIDADE PROPIETARIOS EDIFICIO MONTILLÓNS, 23 EN LAXE | GASTOS DO SEGURO DA COMUNIDADE 2024 | 2026 920 22699 |
| | 14/04/2026 | 202699900000279 | 14/04/2026 | 592,74 | CO | H15430093 | COMUNIDADE PROPIETARIOS EDIFICIO MONTILLÓNS, 23 EN LAXE | GASTOS DO SEGURO DA COMUNIDADE 2025 | 2026 920 22699 |
| F/ 2026/79 | 06/02/2026 | ELECT26- 14 | 05/01/2026 | 1936 | CO | B94077633 | CARPAS PONTEVEDRA S.L. | ALUGUER E MONTAXE DE ESCENARIO NADAL 2025 | 2026 912 22601 |
| F/ 2026/110 | 13/02/2026 | 03HINCHA | 21/01/2026 | 3248,85 | CO | 78802683Z | MARIA ISABEL QUINTANA TEDIN | ANIMACION Y TALLERES NAVIDAD 2025/2026 | 2026 334 22609 |
| F/ 2026/145 | 18/02/2026 | 25000673 | 31/12/2025 | 507,11 | CO | 46917702W | SERGIO ALBORES LEMA | SUMINISTROS DIVERSOS | 2026 920 22199 |
| F/ 2026/182 | 06/03/2026 | 011480/V/ 26/000004 | 07/01/2026 | 287,40 | CO | A80298839 | REPSOL COMERCIAL DE PRODUCTOS PETROLIFEROS S.A. | GASOLINA, GASALEO PARA LOS VEHICULOS MUNICIPALES DEL MES DE DICIEMBRE DE 2025 Y DEL 05/01/2026 AL 0701/2026 | 2026 132 22103 |
| | | | | 252,45 | | | | | 2026 920 22103 |
| | | | | 89,90 | | | | | 2026 135 22103 |
| | | | | 50,01 | | | | | 2026 454 22103 |
| | | | | 142 | | | | | 2026 1531 22103 |

“

O concelleiro do BNG, DON Xosé Manuel Pose Lema, dá lectura o seguinte documento que servirá de argumentario para os tres puntos seguintes:
“*O goberno do Concello de Laxe volve traer unha situación que xa comeza a ser estrutural e preocupante: a acumulación constante de expedientes de recoñecemento extraxudicial de créditos, reparos de intervención e convalidacións por omisión da función interventora.*
*Nun único pleno aparecen:*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 01/07/2026 14:18:00) , Francisco Charlín Orons (FECHA: 02/07/2026 09:51:00)
Versión imprimible
CVD: ReavZPTVVB2/d47JB8cI Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.laxe.es/

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

CIF: P1504100G
DIR3: L01150406

** reconñecementos extraxudiciais,*
** reparos,*
** e varios expedientes OFI.*
*Isto xa non pode presentarse como algo excepcional nin puntual. É un modo de funcionamento que se está consolidando baixo este goberno.*
*Hoxe 4 nun só pleno, hai anualidades dos alcaldes antecesores que non houbo 4 en todo un ano.*
*Que significa realmente esta situación?*
*Os expedientes extraxudiciais de crédito utilízanse para pagar gastos realizados:*
** sen contrato en vigor,*
** sen cobertura procedemental completa,*
** ou sen fiscalización previa correcta.*
*As omisións da función interventora (OFI) son aínda máis graves administrativamente:*
** significan que se realizou gasto sen o control previo obrigatorio da Intervención municipal.*
*E os reparos indican que:*
** a Intervención detecta incidencias ou ilegalidades procedementais que obrigan a levantar advertencias formais.*
*Desde o BNG consideramos que o volume e frecuencia destes expedientes baixo o actual goberno municipal empeza a bater marcas históricas no Concello de Laxe, polo que poderíamos dicir que o problema xa é politico e tamén estrutural.*
*A sensación que se transmite é clara:*
** falta de planificación,*
** improvisación constante,*
** e unha administración funcionando a base de "regularizar despois o que se fixo antes".*
*Non falamos dun expediente illado:*
** falamos dunha práctica repetida pleno tras pleno.*
*O máis preocupante é que:*
** o extraordinario converteuse en ordinario, a normalización da excepcionalidade*
*Os recoñecementos extraxudiciais deberían ser excepcionais.*
*As omisións da función interventora deberían ser algo moi puntual.*
*Pero baixo este mandato de Francisco Charlín:*
** aparecen de maneira recorrente,*
** en distintos departamentos,*
** e asociados a múltiples gastos municipais.*
*"Non se pode gobernar permanentemente fóra da planificación administrativa normal."*
*Esta dinámica ten consecuencias, ten un custo político e económico*
** perda de control do gasto,*
** inseguridade xurídica,*
** menor transparencia,*
** deterioro da xestión económica,*
** e risco de dependencia continua de procedementos excepcionais.*
*Tamén proxecta unha mala imaxe institucional:*
** un Concello que parece incapaz de programar correctamente contratacións e gastos recorrentes.*
*É unha absoluta contradición co discurso que están a usar de boa xestión e estabilidade porque mentras o dín:*
** os expedientes evidencian tensión administrativa constante.*
*Se hai tantos reparos e tantas OFI:*
** algo falla na organización económica do Concello, porque:*
** os servizos municipais son previsibles,*
** moitos gastos son recorrentes,*
** e as contratacións deberían programarse con antelación.*
*A situación é especialmente preocupante cando coincide:*
** coa maior contratación social do Concello,*
** cun SAF cada vez máis caro,*
** e cun Concello asumindo máis gasto estrutural.*
*Isto reforza a idea de que:*
** o Concello está economicamente tensionado,*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 01/07/2026 14:18:00) , Francisco Charlín Orons (FECHA: 02/07/2026 09:51:00)
Versión imprimible
CVD: ReavZPTVVB2/d47JB8cI Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.laxe.es/

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

CIF: P1504100G
DIR3: L01150406

** e o goberno local non está sendo capaz de anticiparse nin ordenar a situación administrativa.*
*O BNG non cuestiona que haxa que pagar facturas nin garantir servizos.*
*O que cuestionamos é:*
** a reiteración,*
** a falta de previsión,*
** e a normalización dunha xestión baseada continuamente en procedementos excepcionais.*
*"Laxe necesita unha xestión seria, planificada e transparente, non un Concello instalado permanentemente nos reparos, nas OFI e nos recoñecementos"*
O sr. alcalde manifesta o seu desacordo e indica que non hai alcalde sexa da cor que sexa que non teña reparos. Sinala que ás veces non temos tempo, pero que se están dando pasos pouco a pouco.
Francisco José Vidal Castro, concelleiro do Grupo Mixto e representante do PsdeG-PSOE manifesta que está dacordo co BNG.
O concelleiro non adscrito, don Fernando del Moral Regaldíe suscribe as palabras do concelleiro do BNG.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** 6 do PP (don Francisco Charlín Oróns, dona Raquel Lema Allo, dona Sandra Mouzo Pose, don Daniel Mata Martínez, don Eulogio Constantino Castiñeira e dona Begoña Gegúndez Allo).
**VOTOS EN CONTRA:** 5 [3 do BNG (don Xosé Manuel Pose Lema, dona María Cristina Vázquez del Prisco e dona Isabel María Toja Toja), 1 do concelleiro do Grupo Mixto, (don Francisco José Vidal Castro) representante do PsdeG PSOE e 1 do concelleiro non adscrito (don Fernando del Moral Regaldíe)]
**ABSTENCIÓNS**: 0

Polo tanto queda aprobada a seguinte proposta:

PRIMEIRO.- Solventar a discrepancia formulada no informe de reparo de intervención nº 8/2026 de data de 19 maio de 2026 e aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de obrigas nº 5/2026 cun importe de 9.070,59 euros, procedendo ao pago con cargo ás aplicacións orzamentarias sinaladas por considerar que existen razóns de interese público que aconsellan non acudir a vía de revisión de oficio polos perxuizos que iso puidera ocasionar para os admnistrados e para os terceiros que actúan de boa fe e por tratarse de servizos ou subministros efectivamente executados e conformados pola Alcaldía ou concelleiro responsable.

| Nº de Entrada | Fecha | Nº de Documento | Fecha Dto. | Importe Total | Situación | Tercero | Nombre | Texto Explicativo | Aplic. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 20/11/2025 | 202599900001098 | 20/11/2025 | 666,99 | CO | H15896806 | COMUNIDADE PROPIETARIOS EDIFICIO PLAZA, 28 EN LAXE | COTAS MENSUAIS E GASTOS DO SEGURO DA COMUNIDADE 2024 | 2026 920 22699 |
| | 20/11/2025 | 202599900001099 | 20/11/2025 | 803,25 | CO | H15896806 | COMUNIDADE PROPIETARIOS EDIFICIO PLAZA, 28 EN LAXE | COTAS MENSUAIS E GASTOS DO SEGURO DA COMUNIDADE 2025 | 2026 920 22699 |
| | 20/11/2025 | 202599900001100 | 20/11/2025 | 493,89 | CO | H15430093 | COMUNIDADE PROPIETARIOS EDIFICIO MONTILLÓNS, 23 EN LAXE | GASTOS DO SEGURO DA COMUNIDADE 2024 | 2026 920 22699 |
| | 14/04/2026 | 202699900000279 | 14/04/2026 | 592,74 | CO | H15430093 | COMUNIDADE PROPIETARIOS EDIFICIO MONTILLÓNS, 23 EN LAXE | GASTOS DO SEGURO DA COMUNIDADE 2025 | 2026 920 22699 |
| F/ 2026/79 | 06/02/2026 | ELECT26- 14 | 05/01/2026 | 1936 | CO | B94077633 | CARPAS PONTEVEDRA | ALUGUER E MONTAXE DE ESCENARIO NADAL 2025 | 2026 912 22601 |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 01/07/2026 14:18:00) , Francisco Charlín Orons (FECHA: 02/07/2026 09:51:00)
Versión imprimible
CVD: ReavZPTVVB2/d47JB8cI Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.laxe.es/

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | S.L. | | |
| F/ 2026/110 | 13/02/2026 | 03HINCHA | 21/01/2026 | 3248,85 | CO | 78802683Z | MARIA ISABEL QUINTANA TEDIN | ANIMACION Y TALLERES NAVIDAD 2025/2026 | 2026 334 22609 |
| F/ 2026/145 | 18/02/2026 | 25000673 | 31/12/2025 | 507,11 | CO | 46917702W | SERGIO ALBORES LEMA | SUMINISTROS DIVERSOS | 2026 920 22199 |
| F/ 2026/182 | 06/03/2026 | 011480/V/ 26/000004 | 07/01/2026 | 287,40 | CO | A80298839 | REPSOL COMERCIAL DE PRODUCTOS PETROLIFEROS S.A. | GASOLINA, GASALEO PARA LOS VEHICULOS MUNICIPALES DEL MES DE DICIEMBRE DE 2025 Y DEL 05/01/2026 AL 0701/2026 | 2026 132 22103 |
| | | | | 252,45 | | | | | 2026 920 22103 |
| | | | | 89,90 | | | | | 2026 135 22103 |
| | | | | 50,01 | | | | | 2026 454 22103 |
| | | | | 142 | | | | | 2026 1531 22103 |

**4. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE NÚM. 2026/X999/000038 SOBRE CONVALIDACIÓN DA OMISIÓN DA FUNCIÓN INTERVENTORA OFI 6/2026, RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 6/2026.**

Dase conta da seguinte proposta:

*"PROPOSTA SOBRE A CONVALIDACIÓN DA OMISIÓN DA FUNCIÓN INTERVENTORA DO EXPEDIENTE OFI 6/2026 , RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 6/2026 E PAGO DE FACTURA.*
*EXP. Nº: 2026/X999/000038*

---

*ANTECEDENTES:*
*Proposta de alcaldía de data 20/04/2026.*
*Solicitude de intervención ao xestor sobre os motivos da omisión da función interventora 15/05/2026*
*Informe xustificativo sobre as prestacións realizadas, asinado por esta Alcaldía o día 18/05/2026.*
*Informe da función interventora, asinado pola Secretaría-intervención o 18/05/2026, conforme ao art. 28 do RD 424/2017 de 28 de abril.*
*NORMATIVA APLICABLE:*
*- Artigos 47, 48, 52, 106 e 110 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*
*- Artigo 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo cal se regula o Réxime Xurídico de Control Interno nas entidades do Sector Público Local*
*CONSIDERACIÓNS:*
*1.- Dispón o artigo 28.2 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril que si o órgano interventor ao coñecer dun expediente obsérvase omisión da función interventora manifestarao á autoridade que iniciase aquel e emitirá ao mesmo tempo a súa opinión respecto da proposta, co fin de que, unindo este informe ás actuacións, poida o Presidente da Entidade Local decidir si continua o procedemento ou non e demais actuacións que no seu caso, procedan.*
*Nos casos nos que a omisión da fiscalización previa refírase ás obrigacións ou gastos cuxa competencia sexa de Pleno, o Presidente da Entidade Local deberá someter a decisión do Pleno si continúa o procedemento e as demais actuacións que, no seu caso, procedan.*
*2.- Tendo en conta as circunstancias relativas a este gasto e a documentación que consta no expediente, é obrigado atender ao mesmo para evitar prexuízo aos provedores e o correlativo enriquecemento inxusto da Administración, xa que o servizo foi efectivamente prestado, servizo que se considera esencial para o adecuado funcionamento do conxunto dos servizos públicos.*
*Consta a efectiva realización dos traballos e a conformidade co prezo de mercado, segundo informe de Alcaldía de data 18/05/2026*
*Advertido do principio de anualidade do orzamento e de especialidade dos créditos a gastar por unha entidade pública, e tendo en conta a atenuación pola Xurisprudencia da aplicación deles en virtude do principio de enriquecemento inxusto que obriga a Administración a pagar aqueles traballos efectuados.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 01/07/2026 14:18:00) , Francisco Charlín Orons (FECHA: 02/07/2026 09:51:00)
Versión imprimible
CVD: ReavZPTVVB2/d47JB8cI Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.laxe.es/

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

CIF: P1504100G
DIR3: L01150406

*Por outra banda, de acordo ao previso no artigo 110 da Lei 39/2015, esta alcaldía entende que non procedería instar a revisión de oficio, dado que esta resultaría contraria á equidade, á boa fe, aos dereitos dos particulares ou ás leis.*
*Dacordo cos antecedentes e fundamentos de dereito indicados, en virtude dos artigos 52 e 110 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e facendo uso das competencias atribuídas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora do réxime local, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:*
*PRIMEIRO.- Convalidar a omisión da función interventora e continuar co procedemento e co resto de actuacións, recoñecer a obriga extraxudicialmente, REC N.º 6/2026, correspondente á seguinte factura que a continuación se detalla, e proceder ao seu pagamento.*

| *Nº de Entrada* | *Fecha* | *Nº de Documento* | *Fecha Dto.* | *Importe Total* | *Situación* | *Tercero* | *Nombre* | *Texto Explicativo* | *Aplic.* |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *F/2025/1396* | *26/12/2025* | *LAX 12-2025* | *26/12/2025* | *1442,32* | *CO* | *B15527831* | *BER&MOR ABOGADOS S.L.* | *Asesoramiento juridico prestado a la entidad de referencia correspondiente al mes de Diciembre del 2025* | *2026 920 22706* |

*SEGUNDO.- Dar conta do presente acordo ao departamento contable e tesourería para a súa tramitación e efectos oportunos."*

O sr. alcalde explica brevemente a proposta.
O concelleiro do Grupo Mixto e representante do PsdeG-PSOE, don Francisco Vidal Castro pregunta para que se usou a asesoría.
O sr. alcalde manifesta que corresponde cos informes de expedientes administrativos e que a factura foi presentada a finais de decembro.

Non habendo mais intervencións, sométese a votación a moción proposta, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** 6 do PP (don Francisco Charlín Oróns, dona Raquel Lema Allo, dona Sandra Mouzo Pose, don Daniel Mata Martínez, don Eulogio Constantino Castiñeira e dona Begoña Gegúndez Allo).
**VOTOS EN CONTRA:** 5 [ 3 do BNG (don Xosé Manuel Pose Lema, dona María Cristina Vázquez del Prisco e dona Isabel María Toja Toja), 1 do concelleiro do Grupo Mixto, (don Francisco José Vidal Castro) representante do PsdeG PSOE e 1 do concelleiro non adscrito (don Fernando del Moral Regaldíe)]
**ABSTENCIÓNS**: 0

Polo tanto queda aprobada a seguinte proposta:

**PRIMEIRO.-** Convalidar a omisión da función interventora e continuar co procedemento e co resto de actuacións, recoñecer a obriga extraxudicialmente, REC N.º 6/2026, correspondente á seguinte factura que a continuación se detalla, e proceder ao seu pagamento.

| Nº de Entrada | Fecha | Nº de Documento | Fecha Dto. | Importe Total | Situación | Tercero | Nombre | Texto Explicativo | Aplic. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/2025/1396 | 26/12/2025 | LAX 12-2025 | 26/12/2025 | 1442,32 | CO | B15527831 | BER&MOR ABOGADOS S.L. | Asesoramiento juridico prestado a la entidad de referencia correspondiente al mes de Diciembre del 2025 | 2026 920 22706 |

**SEGUNDO.-** Dar conta do presente acordo ao departamento contable e tesourería para a súa tramitación e efectos oportunos.

**5. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE NÚM. 2026/X999/000046 SOBRE CONVALIDACIÓN DA OMISIÓN DA FUNCIÓN INTERVENTORA DO EXPEDIENTE OFI 9/2026..**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 01/07/2026 14:18:00) , Francisco Charlín Orons (FECHA: 02/07/2026 09:51:00)
Versión imprimible
CVD: ReavZPTVVB2/d47JB8cI Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.laxe.es/

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

**CIF: P1504100G**
**DIR3: L01150406**

Dase conta da seguinte proposta:

*"PROPOSTA SOBRE A CONVALIDACIÓN DA OMISIÓN DA FUNCIÓN INTERVENTORA DO EXPEDIENTE OFI 9/2026 E PAGO DE FACTURAS.*
*EXP. Nº: 2026/X999/000046*

*Sométese a aprobación do Pleno da Corporación as facturas pola prestación do servizo de axuda no fogar, polas modalidades de dependencia e libre concurrencia, correspondente ao mes de marzo de 2026, presentadas pola empresa prestadora do servizo Senes Cit S.L.*

| Nº de Entrada | Fecha | Nº de Documento | Fecha Dto. | Importe Total | Situación | Tercero | Nombre | Texto Explicativo | Aplic. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/ 2026/283 | 17/04/2026 | 01 581 | 17/04/2026 | 4054,05 | CO | B15724719 | SENES CIT SL | PRESTACIoN SERVIZO AXUDA NO FOGAR SAF MUNICIPAL. MARZO 2026 | 2026 231 22799 2026/3/SSSAD |
| F/ 2026/284 | 17/04/2026 | 01 580 | 17/04/2026 | 33236,89 | CO | B15724719 | SENES CIT SL | PRESTACIoN SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA. MARZO 2026 | 2026 231 22799 2026/3/SSSAD |

*O servizo de axuda no fogar é un servizo municipal integral, polivalente e comunitario, orientado a unidades familiares que presentan dificultades para a realización de actividades elementais da vida diaria, proporcionándolles atención, mediante intervencións específicas que favorezan a súa permanencia e integración no seu entorno habitual, e compensen a súa restrición de autonomía funcional. Estamos, por tanto, ante un servizo esencial que ten unha alta demanda, motivada principalmente polo avellentamento da poboación.*
*Considerando que o actual expediente de contratación coa empresa Senes Cit S.L. excede dos límites do contrato menor, iniciouse o expediente de contratación da prestación do servizo de axuda no fogar no Concello de Laxe, número 2025/C004/000002. Por ser un servicio imprescindible para a poboación faise necesario o mantemento do mesmo, sen posibilidade de suspender a súa execución, motivo polo que continúase a prestación pola empresa SENES CIT S.L. ata a licitación do novo contrato dacordo cos procedementos legamente establecidos.*
*ANTECEDENTES:*
*Proposta de alcaldía de pago de facturas de data 11/05/2026.*
*Solicitude de intervención ao xestor sobre os motivos da omisión da función interventora 15/05/2026.*
*Informe xustificativo sobre as prestacións realizadas, asinado por esta Alcaldía o día 18/05/2026.*
*Informe de omisión de fiscalización, asinado pola Secretaría-intervención o 18/05/2026, conforme ao art. 28 do RD 424/2017 de 28 de abril.*
*CONSIDERACIÓNS:*
*PRIMEIRA.- Dispón o artigo 28.2 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril que si o órgano interventor ao coñecer dun expediente obsérvase omisión da función interventora manifestarao á autoridade que iniciase aquel e emitirá ao mesmo tempo a súa opinión respecto da proposta, co fin de que, unindo este informe ás actuacións, poida o Presidente da Entidade Local decidir si continua o procedemento ou non e demais actuacións que no seu caso, procedan.*
*Nos casos nos que a omisión da fiscalización previa refírase ás obrigacións ou gastos cuxa competencia sexa de Pleno, o Presidente da Entidade Local deberá someter a decisión do Pleno si continúa o procedemento e as demais actuacións que, no seu caso, procedan.*
*A lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público, dispón na súa Disposición Adicional 2ª. Competencias en materia de contratación nas Entidades Locais.*
*1. Corresponden aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades Locais as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido a os recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.*
*2. Corresponden ao Pleno as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos mencionados no apartado anterior que celebre a Entidade Local, cando polo seu valor ou duración*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 01/07/2026 14:18:00) , Francisco Charlín Orons (FECHA: 02/07/2026 09:51:00)
Versión imprimible
CVD: ReavZPTVVB2/d47JB8cI Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.laxe.es/

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

CIF: P1504100G
DIR3: L01150406

*non correspondan ao Alcalde ou Presidente da Entidade Local, conforme o apartado anterior. Así mesmo, corresponde ao Pleno a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas xerais aos que se refire o artigo 121 desta Lei.*
*De conformidade co Informe de intervención de data 18/03/2026 o órgano competente sería o Pleno da Corporación por superar os importes indicados na D.A. 2ª parágrafo 1º da Lei contratos do sector Público.*
*SEGUNDA.- Tendo en conta as circunstancias relativas a este gasto e a documentación que consta no expediente, é obrigado atender ao mesmo para evitar prexuízo aos provedores e o correlativo enriquecemento inxusto da Administración, xa que o servizo foi efectivamente prestado, servizo que se considera esencial para a poboación de Laxe.*
*Consta a efectiva realización dos traballos e a conformidade co prezo de mercado, segundo informe de Alcaldía de data 17/02/2026.*
*Por outra banda, de acordo ao previso no artigo 110 da Lei 39/2015, esta alcaldía entende que non procedería instar a revisión de oficio, dado que esta resultaría contraria á equidade, á boa fe, aos dereitos dos particulares ou ás leis.*
*Dacordo cos antecedentes e consideracións indicadas, de conformidad co establecido no artigo 28.2 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, e facendo uso das competencias atribuídas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora do réxime local, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:*
*PRIMEIRO.- Convalidar a omisión da función interventora e continuar co procedemento e co resto de actuacións, aprobando e recoñecendo as obrigas correspondentes á relación de facturas abaixo relacionadas, e proceder ao seu pagamento.*

| *Nº de Entrada* | *Fecha* | *Nº de Documento* | *Fecha Dto.* | *Importe Total* | *Situación* | *Tercero* | *Nombre* | *Texto Explicativo* | *Aplic.* |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *F/ 2026/283* | *17/04/2026* | *01 581* | *17/04/2026* | *4054,05* | *CO* | *B15724719* | *SENES CIT SL* | *PRESTACIoN SERVIZO AXUDA NO FOGAR SAF MUNICIPAL. MARZO 2026* | *2026 231 22799 2026/3/SSSAD* |
| *F/ 2026/284* | *17/04/2026* | *01 580* | *17/04/2026* | *33236,89* | *CO* | *B15724719* | *SENES CIT SL* | *PRESTACIoN SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA. MARZO 2026* | *2026 231 22799 2026/3/SSSAD* |

*SEGUNDO.- Dar conta do presente acordo ao departamento contable e tesourería para a súa tramitación e efectos oportunos; así como ao Pleno Corporativo na vindeira sesión ordinaria que teña lugar."*

O sr. alcalde explica brevemente a proposta.

Non habendo intervencións, sométese a votación a moción proposta, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** 6 do PP (don Francisco Charlín Oróns, dona Raquel Lema Allo, dona Sandra Mouzo Pose, don Daniel Mata Martínez, don Eulogio Constantino Castiñeira e dona Begoña Gegúndez Allo).
**VOTOS EN CONTRA:** 5 [ 3 do BNG (don Xosé Manuel Pose Lema, dona María Cristina Vázquez del Prisco e dona Isabel María Toja Toja), 1 do concelleiro do Grupo Mixto, (don Francisco José Vidal Castro) representante do PsdeG PSOE e 1 do concelleiro non adscrito (don Fernando del Moral Regaldíe)]
**ABSTENCIÓNS**: 0

Polo tanto queda aprobada a seguinte proposta:
**PRIMEIRO.-** Convalidar a omisión da función interventora e continuar co procedemento e co resto de actuacións, aprobando e recoñecendo as obrigas correspondentes á relación de facturas abaixo relacionadas, e proceder ao seu pagamento.

| Nº de Entrada | Fecha | Nº de Documento | Fecha Dto. | Importe Total | Situación | Tercero | Nombre | Texto Explicativo | Aplic. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/ 2026/283 | 17/04/2026 | 01 581 | 17/04/2026 | 4054,05 | CO | B15724719 | SENES CIT SL | PRESTACIoN SERVIZO AXUDA NO FOGAR SAF MUNICIPAL. MARZO 2026 | 2026 231 22799 2026/3/SSSAD |
| F/ 2026/284 | 17/04/2026 | 01 580 | 17/04/2026 | 33236,89 | CO | B15724719 | SENES CIT SL | PRESTACIoN SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA. MARZO 2026 | 2026 231 22799 2026/3/SSSAD |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 01/07/2026 14:18:00) , Francisco Charlín Orons (FECHA: 02/07/2026 09:51:00)
Versión imprimible
CVD: ReavZPTVVB2/d47JB8cI Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.laxe.es/

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

CIF: P1504100G
DIR3: L01150406

**SEGUNDO.-** Dar conta do presente acordo ao departamento contable e tesourería para a súa tramitación e efectos oportunos; así como ao Pleno Corporativo na vindeira sesión ordinaria que teña lugar.

**6.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE NÚM. 2025/X999/000047 SOBRE CONVALIDACIÓN DA OMISIÓN DA FUNCIÓN INTERVENTORA OFI 7/2026, RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 7/2026.**

Dase conta da seguinte proposta:

*"PROPOSTA SOBRE A CONVALIDACIÓN DA OMISIÓN DA FUNCIÓN INTERVENTORA DO EXPEDIENTE OFI 7/2026 , RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS Nº 7/2026 E PAGO DE FACTURAS.*
*EXP. Nº: 2025/X999/000047*

*ANTECEDENTES:*
*Proposta de alcaldía de data 20/04/2026.*
*Solicitude de intervención ao xestor sobre os motivos da omisión da función interventora 15/05/2026*
*Informe xustificativo sobre as prestacións realizadas, asinado por esta Alcaldía o día 15/05/2026.*
*Informe de omisión de fiscalización, asinado pola Secretaría-intervención o 18/05/2026, conforme ao art. 28 do RD 424/2017 de 28 de abril.*
*NORMATIVA APLICABLE:*
*- Artigos 47, 48, 52, 106 e 110 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*
*- Artigo 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo cal se regula o Réxime Xurídico de Control Interno nas entidades do Sector Público Local*
*CONSIDERACIÓNS:*
*1.- Dispón o artigo 28.2 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril que si o órgano interventor ao coñecer dun expediente obsérvase omisión da función interventora manifestarao á autoridade que iniciase aquel e emitirá ao mesmo tempo a súa opinión respecto da proposta, co fin de que, unindo este informe ás actuacións, poida o Presidente da Entidade Local decidir si continua o procedemento ou non e demais actuacións que no seu caso, procedan.*
*Nos casos nos que a omisión da fiscalización previa refírase ás obrigacións ou gastos cuxa competencia sexa de Pleno, o Presidente da Entidade Local deberá someter a decisión do Pleno si continúa o procedemento e as demais actuacións que, no seu caso, procedan.*
*2.- Tendo en conta as circunstancias relativas a este gasto e a documentación que consta no expediente, é obrigado atender ao mesmo para evitar prexuízo aos provedores e o correlativo enriquecemento inxusto da Administración, xa que o servizo foi efectivamente prestado, servizo que se considera esencial para o adecuado funcionamento do conxunto dos servizos públicos.*
*Consta a efectiva realización dos traballos e a conformidade co prezo de mercado, segundo informe de Alcaldía de data 15/05/2026*
*Advertido do principio de anualidade do orzamento e de especialidade dos créditos a gastar por unha entidade pública, e tendo en conta a atenuación pola Xurisprudencia da aplicación deles en virtude do principio de enriquecemento inxusto que obriga a Administración a pagar aqueles traballos efectuados.*
*Por outra banda, de acordo ao previso no artigo 110 da Lei 39/2015, esta alcaldía entende que non procedería instar a revisión de oficio, dado que esta resultaría contraria á equidade, á boa fe, aos dereitos dos particulares ou ás leis.*
*Dacordo cos antecedentes e fundamentos de dereito indicados, en virtude dos artigos 52 e 110 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e facendo uso das competencias atribuídas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora do réxime local, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:*
*PRIMEIRO.- Convalidar a omisión da función interventora e continuar co procedemento e co resto de actuacións, recoñecer a obriga extraxudicialmente, REC N.º 7/2026, correspondente ás seguintes facturas que a continuación se detalla, e proceder ao seu pagamento.*

| Nº de Entrada | Fecha | Nº de Documento | Fecha Dto. | Importe Total | Situación | Tercero | Nombre | Texto Explicativo | Partida |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/2026/45 | 27/01/2026 | 2699200043 | 27/01/2026 | 78849,09 | CO | A66141185 | VIAQUA, GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, S.A.U. | RETRIBUCIÓN DO SERVIZO DE AUGA DO 4ºTRIMESTRE DE 2025 | 2026<br>161 22799 |
| F/2026/46 | 27/01/2026 | 2699200044 | 27/01/2026 | 5883,09 | CO | A66141185 | VIAQUA, GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE | TAXA CONSERVACIÓN 4º TRIMESTRE 2025 Conservación acometidas | 2026<br>161 22799 |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 01/07/2026 14:18:00) , Francisco Charlín Orons (FECHA: 02/07/2026 09:51:00)
Versión imprimible
CVD: ReavZPTVVB2/d47JB8cI Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.laxe.es/

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

**CIF: P1504100G**
**DIR3: L01150406**

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | *GALICIA, S.A.U.* | *Conservación 4ºT.2025* | |

*SEGUNDO.- Dar conta do presente acordo ao departamento contable e tesourería para a súa tramitación e efectos oportunos."*

O sr. alcalde explica brevemente a proposta.

Non habendo intervencións, sométese a votación a moción proposta, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** 6 do PP (don Francisco Charlín Oróns, dona Raquel Lema Allo, dona Sandra Mouzo Pose, don Daniel Mata Martínez, don Eulogio Constantino Castiñeira e dona Begoña Gegúndez Allo).
**VOTOS EN CONTRA:** 5 [ 3 do BNG (don Xosé Manuel Pose Lema, dona María Cristina Vázquez del Prisco e dona Isabel María Toja Toja), 1 do concelleiro do Grupo Mixto, (don Francisco José Vidal Castro) representante do PsdeG PSOE e 1 do concelleiro non adscrito (don Fernando del Moral Regaldíe)]
**ABSTENCIÓNS**: 0

Polo tanto queda aprobada a seguinte proposta:

**PRIMEIRO.-** Convalidar a omisión da función interventora e continuar co procedemento e co resto de actuacións, recoñecer a obriga extraxudicialmente, REC N.º 7/2026, correspondente ás seguintes facturas que a continuación se detalla, e proceder ao seu pagamento.

| Nº de Entrada | Fecha | Nº de Documento | Fecha Dto. | Importe Total | Situación | Tercero | Nombre | Texto Explicativo | Partida |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F/2026/45 | 27/01/2026 | 2699200043 | 27/01/2026 | 78849,09 | CO | A66141185 | VIAQUA, GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, S.A.U. | RETRIBUCIÓN DO SERVIZO DE AUGA DO 4ºTRIMESTRE DE 2025 | 2026 161 22799 |
| F/2026/46 | 27/01/2026 | 2699200044 | 27/01/2026 | 5883,09 | CO | A66141185 | VIAQUA, GESTION INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, S.A.U. | TAXA CONSERVACIÓN 4º TRIMESTRE 2025 Conservación acometidas Conservación 4ºT.2025 | 2026 161 22799 |

**SEGUNDO.-** Dar conta do presente acordo ao departamento contable e tesourería para a súa tramitación e efectos oportunos."

**7.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 329/2026, DO 11/05/2026 EN CANTO Á ADHESIÓN DESTE CONCELLO AO CONVENIO PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓNS NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA GALEGO DE VIXILANCIA E CONTROL FRONTE Á AVESPA ASIÁTICA (VESPA VELUNTINA) EN 2026 ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEGAMP. EXPTE. NÚM. 2026/A006/000005.**
Dase conta da segunte proposta:

*"Ratificar a Resolución da Alcaldía núm. 329/2026, do 11/05/2026 en canto á adhesión deste concello ao convenio para a coordinación de actuacións no desenvolvemento do programa galego de vixilancia e control fronte á avespa asiática (vespa veluntina) en 2026 entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP."*

Non habendo intervencións, sométese a votación, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** 11 [(6 do PP (don Francisco Charlín Oróns, dona Raquel Lema Allo, dona Sandra Mouzo Pose, don Daniel Mata Martínez, don Eulogio Constantino Castiñeira e dona Begoña Gegúndez Allo), 3 do BNG (don Xosé Manuel Pose Lema, dona María Cristina Vázquez del Prisco e dona Isabel María Toja Toja), 1 do concelleiro do Grupo Mixto, (don Francisco José Vidal Castro) representante do PsdeG PSOE e 1 do concelleiro non adscrito (don Fernando del Moral Regaldíe)]
**VOTOS EN CONTRA:** 0
**ABSTENCIÓNS**: 0

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 01/07/2026 14:18:00) , Francisco Charlín Orons (FECHA: 02/07/2026 09:51:00)
Versión imprimible
CVD: ReavZPTVVB2/d47JB8cI Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.laxe.es/

Polo tanto, queda ractificada a mencionada Resolución da Alcaldía núm. 329/2026, do 11/05/2026.

**8.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 259/2026, DO 16/04/2026 EN CANTO Á ADHESIÓN DESTE CONCELLO AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEGAMP PARA O DESENVOLVEMENTO DA REDE DE CONCELLOS CONTRA O ACOSO ESCOLAR NO ANO 2026. EXPTE. NÚM. 2026/S001/000076.**

Dase conta da segunte proposta:

*"Ratificar a Resolución da Alcaldía núm. 259/2026, do 16/04/2026 en canto á adhesión deste concello ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para o desenvolvemento da rede de concellos contra o acoso escolar no ano 2026."*

Non habendo intervencións, sométese a votación, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** 11 [(6 do PP (don Francisco Charlín Oróns, dona Raquel Lema Allo, dona Sandra Mouzo Pose, don Daniel Mata Martínez, don Eulogio Constantino Castiñeira e dona Begoña Gegúndez Allo), 3 do BNG (don Xosé Manuel Pose Lema, dona María Cristina Vázquez del Prisco e dona Isabel María Toja Toja), 1 do concelleiro do Grupo Mixto, (don Francisco José Vidal Castro) representante do PsdeG PSOE e 1 do concelleiro non adscrito (don Fernando del Moral Regaldíe)]
**VOTOS EN CONTRA:** 0
**ABSTENCIÓNS**: 0

Polo tanto, queda ractificada a mencionada Resolución da Alcaldía núm. 259/2026, do 16/04/2026.

**B) PARTE DE CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO**

**9. MOCIÓNS GRUPOS MUNICIPAIS:**

**9.1. Moción de don Fernando del Moral Regaldíe para a declaración dun espazo reservado como praia canina. Expte. núm. 2026/G006/000013.**

Dase conta da seguinte moción:

*"MOCIÓN PARA A PROPOSTA DA DECLARACIÓN DUN ESPAZO RESERVADO COMO PRAIA CANINA que presenta o concelleiro non adscrito de Podemos no concello de Laxe, de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a súa inclusión no pleno ordinario do 28 de maio de 2026.*
*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*
*O turismo vinculado ás mascotas medra de maneira constante nos últimos anos, convertándose nun nicho económico e turístico de grande interese para os concellos costeiros. Cada vez son máis as familias que consideran os seus animais de compañía como parte integrante da unidade familiar e condicionan os seus destinos vacacionais á existencia de servizos e espazos "pet-friendly".*
*Segundo datos de Booking.com recollidos por Servimedia, durante o ano 2025 rexistráronse máis de 7,5 millóns de buscas de aloxamentos que admiten mascotas en España, converténdose o filtro "admite mascotas" no terceiro máis utilizado da plataforma. Ademais, un 30% das persoas viaxeiras españolas escolle destino segundo o grao de adaptación ás mascotas, mentres que un 22% afirma que só reserva se pode viaxar co seu animal de compañía.*
*Así mesmo, segundo datos difundidos por Europa Press Turismo a través da plataforma Pitchup.com, máis do 93% dos cámpings españois admiten xa mascotas, e as mencións relacionadas con cans nas valoracións de usuarios medraron un 83% respecto ao ano 2019, consolidándose o turismo "pet-friendly" como unha das tendencias máis importantes do sector turístico actual.*
*Este fenómeno representa unha oportunidade económica evidente para destinos turísticos como Laxe, especialmente tendo en conta a importancia do turismo estival no noso municipio. Facilitar espazos adaptados para persoas usuarias con mascotas pode contribuír a:*
*atraer visitantes durante máis meses do ano; diversificar a oferta turística;*
*favorecer a ocupación en aloxamentos, hostalaría e comercio local; proxectar unha imaxe moderna, inclusiva e sostible do concello.*



FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 01/07/2026 14:18:00) , Francisco Charlín Orons (FECHA: 02/07/2026 09:51:00)
Versión imprimible
CVD: ReavZPTVVB2/d47JB8cI Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.laxe.es/

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

**CIF: P1504100G**
**DIR3: L01150406**

*Na actualidade, Galicia continúa tendo unha oferta moi limitada de praias caninas oficiais, especialmente na provincia da Coruña. As praias habilitadas máis próximas ao Concello de Laxe atópanse a unha distancia considerable, o que evidencia a carencia deste tipo de servizos na Costa da Morte. Entre as máis próximas destacan:*
*Praia canina de Ares — aproximadamente 115 km desde Laxe. Praia da Magdalena, en Cabanas — aproximadamente 110 km.*
*Praia do Arenal, na Pobra do Caramiñal — aproximadamente 95 km. Praia de Foz e Praia da Calzoa, en Vigo — aproximadamente 175 km. Praia de Cesantes, en Redondela — aproximadamente 165 km.*
*As relacións oficiais e divulgativas de praias caninas en Galicia recollen estes areais como espazos habilitados para o acceso de cans.*
*Por todo isto, considérase que o areal de Arnado podería reunir características axeitadas para estudar a súa posible habilitación como praia canina oficial, compatibilizando os usos turísticos, ambientais e de convivencia cidadá, e permitindo ao Concello de Laxe posicionarse como referente dun turismo moderno, responsable e adaptado ás novas demandas sociais.*
*ACORDOS*
*Por todo o anteriormente exposto, o Pleno do Concello de Laxe adopta os seguintes acordos:*
*Instar ao Goberno municipal a realizar os estudos técnicos, ambientais e administrativos necesarios para habilitar unha praia canina oficial no municipio.*
*Propoñer inicialmente o areal de Praia de Arnado como espazo susceptible de ser declarado praia apta para o acceso e desfrute con cans.*
*Solicitar os informes pertinentes ás administracións competentes en materia de costas, sanidade e medio ambiente para garantir a viabilidade da iniciativa.*
*Considerar a posibilidade da elaboración dunha ordenanza ou regulación específica que estableza normas de uso, limpeza, convivencia e seguridade para o correcto funcionamento da praia canina.*
*Desenvolver unha campaña de promoción turística de Laxe como destino "pet-friendly", aproveitando o potencial económico e turístico deste segmento emerxente.*

Intervén don Francisco José Vidal Castro, concelleiro do Grupo Mixto e representante de PSdeG-PSOE manifestando o seu desacordo coa proposta e a innecesariedade da mesma.
Dona Cristina Vázquez del Prisco manifestase a favor dun espazo para cans incluso dentro da vila no verán, expresando que non hai un espazo pechado para soltar aos cans.
O sr. Alcalde indica que no 2010 se aprobou unha ordeanza reguladora de uso e xestión de praias e que na praia de Laxe sería inviable polo tema da Bandeira Azul, no resto das praias, Soesto, Arnado e Traba si está permitido.
O concelleiro non adscrito, don Fernando del Moral Regaldíe insiste na necesidade de que sean praias oficiais.
O portavoz do BNG, don Xosé Manuel Pose sinala que as normas da ADECC permiten fóra do horario de salvamento e socorrismo.
O sr. alcalde indica que xa se fixo a consulta e que contestaron que non era viable.

Non habendo mais intervencións, sométese a votación, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** 4 [(3 do BNG (don Xosé Manuel Pose Lema, dona María Cristina Vázquez del Prisco e dona Isabel María Toja Toja), e 1 do concelleiro non adscrito (don Fernando del Moral Regaldíe)]
**VOTOS EN CONTRA:** 6 do PP (don Francisco Charlín Oróns, dona Raquel Lema Allo, dona Sandra Mouzo Pose, don Daniel Mata Martínez, don Eulogio Constantino Castiñeira e dona Begoña Gegúndez Allo)
**ABSTENCIÓNS**: 1 do concelleiro do Grupo Mixto, (don Francisco José Vidal Castro) representante do PsdeG PSOE

Polo tanto queda rexeitada a presente moción.

**9.2. Moción de don Fernando del Moral Regaldíe relativa ao impulso dos trámites e actuacións necesarias para a protección, investigación, escavación e posta en valor do Castro de Castrelo. Expte. núm. 2026/G006/000013.**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 01/07/2026 14:18:00) , Francisco Charlín Orons (FECHA: 02/07/2026 09:51:00)
Versión imprimible
CVD: ReavZPTVVB2/d47JB8cI Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.laxe.es/

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

**CIF: P1504100G**
**DIR3: L01150406**

Dase conta da seguinte moción:

*"MOCIÓN PARA A SÚA PRESENTACIÓN NO PLENO DO CONCELLO DE LAXE RELATIVA AO IMPULSO DOS TRÁMITES E ACTUACIÓNS NECESARIAS PARA A PROTECCIÓN, INVESTIGACIÓN, ESCAVACIÓN E POSTA EN VALOR DO CASTRO DE CASTRELO*
*que presenta o concelleiro non adscrito de Podemos no concello de Laxe, de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a súa inclusión no pleno ordinario do 28 de maio de 2026.*
*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*
*O patrimonio cultural constitúe un ben colectivo de extraordinario valor histórico, identitario, científico e social, sendo responsabilidade das administracións públicas garantir a súa protección, conservación, investigación e transmisión ás xeracións futuras. Galicia conta cun dos patrimonios arqueolóxicos máis relevantes de Europa, destacando de maneira singular a cultura castrexa como elemento esencial da nosa historia.*
*A Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, establece no seu artigo 1 que o patrimonio cultural galego constitúe "un valor fundamental para a identidade colectiva de Galicia" e impón aos poderes públicos a obriga de garantir a súa protección, conservación, acrecentamento, investigación e difusión.*
*Así mesmo, o artigo 91 da citada lei considera integrantes do patrimonio arqueolóxico os bens mobles e inmobles susceptibles de seren estudados con metodoloxía arqueolóxica, mentres que o artigo 94 determina a obriga das administracións públicas de velar pola protección, conservación e investigación dos xacementos arqueolóxicos.*
*No municipio de Laxe localízase o Castro de Castrelo, un enclave de extraordinario interese patrimonial, histórico e paisaxístico que, malia a súa relevancia, continúa sen contar cunha intervención arqueolóxica integral que permita coñecer con rigor científico a súa dimensión histórica, o seu estado de conservación e o seu potencial patrimonial.*
*As dimensións que actualmente poden apreciarse a partir da extensión e curvatura visible das estruturas defensivas do castro apuntan á posible existencia dun asentamento castrexo de notable relevancia dentro do contexto arqueolóxico da comarca da Costa da Morte. Esta circunstancia podería converter o Castro de Castrelo nun dos principais enclaves arqueolóxicos do territorio, reforzando o interese histórico, cultural e turístico do Concello de Laxe.*
*A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, establece no seu artigo 33 que o solo rústico de especial protección patrimonial estará sometido a medidas específicas destinadas á preservación dos valores culturais e arqueolóxicos existentes. Así mesmo, o artigo 34 determina que deberán adoptarse as medidas necesarias para evitar actuacións que poidan deteriorar os bens patrimoniais ou a súa contorna.*
*Do mesmo xeito, a Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, sinala entre os seus principios reitores a protección e recuperación do patrimonio construído e cultural como ferramenta de desenvolvemento sostible, dinamización económica e cohesión territorial, fomentando actuacións de rehabilitación e posta en valor que contribúan á revitalización social e cultural dos territorios.*
*Resulta evidente que a protección efectiva do Castro de Castrelo require non só unha futura escavación arqueolóxica, senón tamén o impulso dunha estratexia integral de investigación, conservación preventiva, delimitación da contorna de protección e posta en valor pública do xacemento.*
*Neste sentido, considérase necesario iniciar unha folla de ruta institucional que permita avanzar progresivamente cara á recuperación e valorización do castro, promovendo actuacións como:*
- *A elaboración dunha documentación gráfica e topográfica completa do xacemento.*
- *A realización de estudos xeofísicos e prospeccións arqueolóxicas non invasivas.*
- *A limpeza e control da vexetación que afecta ás estruturas visibles.*
- *A delimitación da contorna de protección e dos accesos.*
- *A inclusión do castro en rutas culturais e patrimoniais da Costa da Morte.*
- *A instalación futura de sinalización interpretativa e elementos divulgativos.*
- *A colaboración con universidades galegas e equipos científicos especializados.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 01/07/2026 14:18:00) , Francisco Charlín Orons (FECHA: 02/07/2026 09:51:00)
Versión imprimible
CVD: ReavZPTVVB2/d47JB8cI Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.laxe.es/

*- A solicitude de axudas e subvencións europeas, estatais e autonómicas destinadas á protección do patrimonio cultural.*
*- A promoción de campañas de voluntariado cultural e programas educativos vinculados ao coñecemento do patrimonio arqueolóxico local.*
*A posta en valor do Castro de Castrelo pode constituír ademais unha oportunidade estratéxica para o desenvolvemento cultural e turístico do Concello de Laxe, contribuíndo á creación dun modelo de turismo patrimonial sustentable, á desestacionalización da actividade turística e ao reforzo da identidade histórica do municipio.*
*Por todo o anteriormente exposto, sométese á consideración do Pleno do Concello de Laxe a adopción dos seguintes:*
*ACORDOS*
*Primeiro. O Pleno do Concello de Laxe manifesta a súa vontade de impulsar as actuacións necesarias para favorecer a protección, investigación, conservación, escavación arqueolóxica e futura posta en valor do Castro de Castrelo.*
*Segundo. Instar á Xunta de Galicia, a través da dirección xeral de patrimonio cultural a iniciar e promover os trámites necesarios para a execución dunha intervención arqueolóxica no Castro de Castrelo, incluíndo:*
*1) A elaboración e impulso dun proxecto técnico-arqueolóxico integral.*
*2) A realización de estudos previos, prospeccións e análises xeofísicas.*
*3) A delimitación cartográfica e avaliación do estado de conservación do xacemento.*
*4) A adopción de medidas de protección preventiva da contorna.*
*5) A tramitación das autorizacións administrativas correspondentes.*
*6) A habilitación das partidas orzamentarias necesarias para a execución dos traballos arqueolóxicos.*
*Terceiro. Solicitar a colaboración da Deputación da Coruña, das universidades galegas, do Consello da Cultura Galega e doutras entidades científicas e patrimoniais especializadas co obxectivo de apoiar técnica e economicamente os traballos necesarios para a investigación e futura escavación do xacemento.*
*Cuarto. Instar ao Concello de Laxe a estudar a posibilidade de:*
*7) Incorporar o Castro de Castrelo ás estratexias municipais de promoción cultural e turística.*
*8) Solicitar subvencións e liñas de financiamento para actuacións patrimoniais.Promover actividades divulgativas, educativas e culturais vinculadas ao xacemento.*
*9) Desenvolver actuacións periódicas de limpeza e conservación preventiva da contorna.*
*10) Avaliar a creación dunha ruta arqueolóxica local vinculada ao patrimonio castrexo do municipio.*
*Quinto. Instar ás administracións competentes a establecer unha folla de ruta e un calendario de actuacións que permitan avanzar de maneira efectiva cara á realización dunha campaña arqueolóxica no castro.*
*Sexto. Dar traslado da presente moción á Xunta de Galicia, á Deputación da Coruña, ás universidades galegas e aos organismos competentes en materia de patrimonio cultural e arqueolóxico."*

Intervén o concelleiro do Grupo Mixto e representante do PsdeG-PSOE manifestandose a favor e recoñece que é un problema de financiación.
Dona Cristina Vázquez del Prisco, concelleira do BNG manifféstase a favor.
O sr. alcalde explica que xa mantiveron unha reunión co conselleiro de Cultura, derivouse a Patrimonio Natural e falouse cos veciños para que deixasen facer o estudo en 3D e o día 3 de xuño van vir a explicar os resultados do estudo e seguiranse as pautas que marquen.

Non habendo mais intervencións, sométese a votación, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** 5 [(3 do BNG (don Xosé Manuel Pose Lema, dona María Cristina Vázquez del Prisco e dona Isabel María Toja Toja), 1 do concelleiro do Grupo Mixto (don Francisco José Vidal Castro) representante do PsdeG PSOE e 1 do concelleiro non adscrito (don Fernando del Moral Regaldíe)]

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 01/07/2026 14:18:00) , Francisco Charlín Orons (FECHA: 02/07/2026 09:51:00)
Versión imprimible
CVD: ReavZPTVVB2/d47JB8cI Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.laxe.es/

**VOTOS EN CONTRA:** 6 do PP (don Francisco Charlín Oróns, dona Raquel Lema Allo, dona Sandra Mouzo Pose, don Daniel Mata Martínez, don Eulogio Constantino Castiñeira e dona Begoña Gegúndez Allo)
**ABSTENCIÓNS**: 0

Polo tanto queda rexeitada a presente moción.

**9.3. Moción de don Fernando del Moral Regaldíe en contra do proxecto "Planta de biogás Laracha" en Soandres (A Laracha). Expte. núm. 2026/G006/000013.**
Dase conta da seguinte moción:

*"MOCIÓN DO CONCELLO DE LAXE EN CONTRA DO PROXECTO "PLANTA DE BIOGÁS LARACHA" EN SOANDRES (A LARACHA)*
*que presenta o concelleiro non adscrito de Podemos no concello de Laxe, de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a súa inclusión no pleno ordinario do 28 de maio de 2026.*
*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*
*PRIMEIRO.- Que o Concello de Laxe ten coñecemento do proxecto de construción dunha planta de biogás na parroquia de Soandres, no termo municipal de A Laracha, promovido pola empresa BIOENERGÍA A CORUÑA, S.L., que pretende valorizar ata 63.500 toneladas anuais de residuos orgánicos, incluíndo 6.500 toneladas anuais de residuos SANDACH de categoría 3 (residuos de matadoiro), cun funcionamento previsto de 24 horas diarias durante os 365 días do ano.*
*SEGUNDO.- Que o río Anllóns, na ribeira do cal se sitúa a parcela proxectada (a escasos 95 metros do leito), discorre polos termos municipais de A Laracha, Carballo, Coristanco, Ponteceso e desemboca na ría de Corme e Laxe, no litoral do municipio de Laxe a través da súa desembocadura no termo municipal de Ponteceso. A calidade das augas do río Anllóns afecta directamente á calidade das augas da ría de Corme e Laxe, zona de alto valor ecolóxico, pesqueiro e turístico para o noso municipio.*
*TERCEIRO.- Que o proxecto contempla o vertido ao río Anllóns de ata 58.592 metros cúbicos anuais de augas residuais industriais depuradas e pluviais, o que supón un caudal diario de 112,88 metros cúbicos diarios no escenario máis desfavorable. O punto de vertido sitúase no termo municipal de A Laracha, augas arriba da desembocadura na ría de Corme e Laxe.*
*CUARTO.- Que o Estudo de Impacto Ambiental presentado polo promotor presenta deficiencias graves que afectan á avaliación dos impactos sobre o medio hídrico, e que poñen en risco a calidade das augas do río Anllóns e da ría de Corme e Laxe:*
- *Deficiencias na avaliación da calidade da auga e do vertido ao río Anllóns*

*O Estudo de Impacto Ambiental e o proxecto técnico de tratamento de augas presentan as seguintes deficiencias constitutivas de vicios substanciais:*
*- Efecto acumulativo con vertido de Cárnicas Vista Alegre ignorado. O propio EsIA recoñece (Anexo VIII, páxina 49) que a só 40 metros augas abaixo do punto de vertido proposto se atopa o vertido industrial de Cárnicas Vista Alegre, S.L., cun caudal autorizado de 20.475 metros cúbicos anuais. Porén, a análise de efectos acumulativos do EsIA (páxinas 336-338) ignora esta sinerxia e só analiza industrias a máis de 7 quilómetros de distancia. A suma de ambos vertidos nun tramo de río de apenas 40 metros constitúe un impacto sinérxico que non foi avaliado.*
*- Cabal de estiaxe subestimado. O cabal mínimo de referencia calcúlase en 0,035 metros cúbicos por segundo (período de retorno de 20 anos). En meses de verán, o río pode presentar cabais moi inferiores, reducindo drasticamente a capacidade de dilución dos vertidos e aumentando o risco de afección á calidade da auga augas abaixo, incluída a ría de Corme e Laxe.*
*- Eficacia das membranas de ósmose inversa comprometida. A natureza graxa e proteica dos lodos de conserveira (que representan máis do 80% da carga tratada) e dos residuos SANDACH provoca unha incrustación (fouling) constante das membranas, o que pode resultar en vertidos con concentracións de amoníaco e demanda química de osíxeno incompatibles co estado ecolóxico do río.*
*- Risco de desbordamento do separador de hidrocarburos. A escorrentía das plataformas de manobra de camións (ata 20 camións diarios) pode transportar hidrocarburos e restos de puríns a un separador que podería verse desbordado en episodios de chuvia intensa (cabal de avenda para*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 01/07/2026 14:18:00) , Francisco Charlín Orons (FECHA: 02/07/2026 09:51:00)
Versión imprimible
CVD: ReavZPTVVB2/d47JB8cI Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.laxe.es/

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

**CIF: P1504100G**
**DIR3: L01150406**

*T=50 anos de 0,198 metros cúbicos por segundo), provocando o lavado de contaminantes directamente ao leito.*

- *Consecuencias xurídicas destas deficiencias (vicio substancial) As deficiencias sinaladas vulneran:*
- *O artigo 4 da Directiva 2000/60/CE (Directiva Marco da Auga) , que establece a obriga de previr o deterioro do estado das masas de auga e de protexelas e melloralas.*
- *A normativa do Plan Hidrolóxico de Galicia-Costa 2021-2027, que establece como obxectivo para a masa de auga ES-014-NR-149-000-01-00 (treito do río Anllóns) o mantemento do "estado bo ou mellor" e o principio de "non deterioro".*
- *O artigo 6 da Directiva 92/43/CEE (Directiva Hábitats) , pois o río Anllóns actúa como vector ecolóxico e hidrolóxico directo cara á ZEC Costa da Morte (Rede Natura 2000), e a doutrina do Tribunal de Xustiza da Unión Europea (Sentenza C-127/02, caso Waddenzee) esixe unha "avaliación adecuada" das repercusións do proxecto sempre que exista unha probabilidade de que afecte de forma apreciable ao lugar, independentemente da distancia.*

o *O artigo 35 da Lei 21/2013, de avaliación ambiental, que esixe unha identificación, descrición e avaliación adecuada de todos os efectos significativos do proxecto, incluídos os efectos acumulativos e sinérxicos.*

*A ausencia de avaliación do efecto acumulativo dos vertidos, a falta de análise específica en condicións de estiaxe e a omisión da conexión hidrolóxica coa Rede Natura 2000 constitúen defectos esenciais do Estudo de Impacto Ambiental que impiden garantir que o proxecto non producirá un deterioro do medio hídrico do río Anllóns e, polo tanto, da ría de Corme e Laxe.*

*QUINTO.- Que o río Anllóns alberga especies de fauna catalogadas como ameazadas, cuxa conservación pode verse comprometida polo vertido:*

*Especie Estatuto de Protección Risco identificado*

*Anguilla anguilla (Airoa) Perigo Crítico (UICN) Alteración da calidade química da auga por vertidos*

*Chioglossa lusitanica (Píntega rabilonga) Vulnerable (CEEA/CGEA) Sensibilidade extrema á contaminación*

*Lutra lutra (Lontra) Réxime de Protección Especial Degradación da cadea trófica fluvial Rana iberica (Ra patilonga) Vulnerable (CGEA) Impacto por variacións no pH e osixenación da auga*

*Estas especies atópanse augas arriba do punto de vertido, pero calquera alteración da calidade da auga ou do ecosistema fluvial afecta a toda a conca, incluídos os hábitats da ría de Corme e Laxe.*

*SEXTO.- Que o propio Estudo de Impacto Ambiental contén contradicións insalvables en relación coa afección ao río Anllóns. Por un lado, afirma que a ra patilonga (Vulnerable) non se verá afectada polo proxecto, pero, por outro lado, o proxecto inclúe un punto de vertido de ata 58.592 metros cúbicos anuais de augas depuradas directamente no río Anllóns. Esta contradición vicia de nulidade a avaliación de impacto.*

*SÉTIMO.- Que o municipio de Laxe basea gran parte da súa economía no turismo e na actividade pesqueira e marisqueira da ría de Corme e Laxe. A percepción dun risco de contaminación das augas da ría, aínda que sexa potencial, pode causar un dano reputacional irreparable ao destino turístico, coa conseguinte perda de visitantes e ingresos para o municipio. A desvalorización dos recursos naturais e paisaxísticos de Laxe é un impacto real e tanxible que debe ser tido en conta.*

*OITAVO.- Que a propia Deputación da Coruña se posicionou institucionalmente en contra do proxecto, e os Concellos de A Laracha e Culleredo manifestaron o seu rexeitamento explícito. A Plataforma veciñal "Stop Biogás" mantén unha oposición social activa ao proxecto.*

*PARTE DISPOSITIVA*

*Por todo o exposto, o Pleno do Concello de Laxe, no exercicio das súas competencias en materia de defensa do territorio, protección do medio ambiente e promoción do desenvolvemento sostible,*

*ACORDOS*

*PRIMEIRO.- Manifestar o REXEITAMENTO FORMAL E UNÁNIME do Concello de Laxe ao proxecto "Planta de Biogás Laracha" promovido por BIOENERGÍA A CORUÑA, S.L. na parroquia de Soandres (A Laracha), polos seguintes motivos:*

*1. O vertido de ata 58.592 metros cúbicos anuais de augas residuais industriais depuradas e pluviais ao río Anllóns supón unha ameaza para a calidade das augas da ría de Corme e Laxe, co conseguinte risco para a actividade pesqueira, marisqueira e turística do municipio.*

*2. O Estudo de Impacto Ambiental presenta deficiencias graves na avaliación dos impactos acumulativos e sinérxicos sobre o medio hídrico, ao ignorar o vertido de Cárnicas Vista Alegre, S.L. situado a só 40 metros augas abaixo do punto de vertido proposto.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 01/07/2026 14:18:00) , Francisco Charlín Orons (FECHA: 02/07/2026 09:51:00)
Versión imprimible
CVD: ReavZPTVVB2/d47JB8cI Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.laxe.es/

*3. O Estudo de Impacto Ambiental non avalía adecuadamente as condicións de estiaxe do río Anllóns, período no que a capacidade de dilución se reduce drasticamente, incrementando o risco de afección á calidade das augas augas abaixo.*
*4. Existe conexión hidrolóxica directa entre o punto de vertido no río Anllóns e a ZEC Costa da Morte (Rede Natura 2000) a través do propio leito do río e da ría de Corme e Laxe, polo que a avaliación de afeccións á Rede Natura 2000 é insuficiente e incompleta.*
*SEGUNDO.- Instar a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade da Xunta de Galicia a que:*
*– Denegue a Autorización Ambiental Integrada e emita Declaración de Impacto Ambiental Desfavorable para o proxecto "Planta de Biogás Laracha".*
*– Con carácter subsidiario, en caso de que non se denegue, impoña as seguintes condicións mínimas e inescusables:*
*o Estudo da capacidade de carga do río Anllóns que inclúa o vertido acumulado con Cárnicas Vista Alegre, S.L. e avalíe especificamente os períodos de estiaxe.*
*– Prohibición ou severa limitación do vertido durante os meses de xuño a setembro (período de estiaxe).*
*– Depósito de seguridade de digestato líquido con capacidade mínima de 15 días (2.094 metros cúbicos) para garantir cero vertidos en caso de fallo do EDARi.*
*– Canalización do foco do biofiltro para facer medibles as súas emisións, cun Plan de Control de Emisións para $NH_3$ e $H_2S$ con medicións periódicas semestrais.*
*– Avaliación adecuada das repercusións do proxecto sobre a Rede Natura 2000, conforme á doutrina do Tribunal de Xustiza da Unión Europea (Sentenza C-127/02, caso Waddenzee), tendo en conta a conexión hidrolóxica a través do río Anllóns e a ría.*
*TERCEIRO.- Solicitar a comparecencia dos representantes da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático ante este Pleno para informar sobre o estado de tramitación do expediente e sobre as medidas que se adoptarán para garantir a protección da calidade das augas do río Anllóns e da ría de Corme e Laxe.*
*CUARTO.- Remitir o presente acordo á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade da Xunta de Galicia, á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, á Deputación da Coruña, así como aos Concellos de A Laracha, Carballo, Coristanco e Ponteceso.*
*QUINTO.- Publicar o presente acordo no taboleiro de anuncios do Concello de Laxe e na súa sede electrónica, e darlle a máxima difusión para coñecemento da cidadanía.*
*SEXTO.- Facultar a Alcaldía para cantas actuacións sexan necesarias para a defensa deste acordo e para o exercicio das accións administrativas e, de ser o caso, xudiciais que procedan contra o proxecto.”*

Don Xosé Manuel Pose Lema, concelleiro do BNG explica que en todos os concellos de Bergantiños o BNG está presentando unha moción sobre este tema e que en Laxe non a presentaron porque non lles dou tempo antes da convocatoria do Pleno e mostra o seu apoio á plataforma, facendo referencia á similitude coa súa moción.
O sr. alcalde aclara que a convocatoria do pleno se adiantou para que se tivese mais tempo de revisar os pregos do SAF e di que como non pode ser doutro xeito van votar a favor da moción.

Non habendo mais intervencións, sométese a votación, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** 11 [(6 do PP (don Francisco Charlín Oróns, dona Raquel Lema Allo, dona Sandra Mouzo Pose, don Daniel Mata Martínez, don Eulogio Constantino Castiñeira e dona Begoña Gegúndez Allo), 3 do BNG (don Xosé Manuel Pose Lema, dona María Cristina Vázquez del Prisco e dona Isabel María Toja Toja), 1 do concelleiro do Grupo Mixto, (don Francisco José Vidal Castro) representante do PsdeG PSOE e 1 do concelleiro non adscrito (don Fernando del Moral Regaldíe)]
**VOTOS EN CONTRA:** 0
**ABSTENCIÓNS**: 0

Queda por tanto aceptada, a moción proposta:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)

FIRMADO POR Begoña Carrasco García (FECHA: 01/07/2026 14:18:00) , Francisco Charlín Orons (FECHA: 02/07/2026 09:51:00)
Versión imprimible
CVD: ReavZPTVVB2/d47JB8cI Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.laxe.es/

CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)
Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

CIF: P1504100G
DIR3: L01150406

**PRIMEIRO.-** Manifestar o REXEITAMENTO FORMAL E UNÁNIME do Concello de Laxe ao proxecto "Planta de Biogás Laracha" promovido por BIOENERGÍA A CORUÑA, S.L. na parroquia de Soandres (A Laracha), polos seguintes motivos:
1. O vertido de ata 58.592 metros cúbicos anuais de augas residuais industriais depuradas e pluviais ao río Anllóns supón unha ameaza para a calidade das augas da ría de Corme e Laxe, co conseguinte risco para a actividade pesqueira, marisqueira e turística do municipio.
2. O Estudo de Impacto Ambiental presenta deficiencias graves na avaliación dos impactos acumulativos e sinérxicos sobre o medio hídrico, ao ignorar o vertido de Cárnicas Vista Alegre, S.L. situado a só 40 metros augas abaixo do punto de vertido proposto.
3. O Estudo de Impacto Ambiental non avalía adecuadamente as condicións de estiaxe do río Anllóns, período no que a capacidade de dilución se reduce drasticamente, incrementando o risco de afección á calidade das augas augas abaixo.
4. Existe conexión hidrolóxica directa entre o punto de vertido no río Anllóns e a ZEC Costa da Morte (Rede Natura 2000) a través do propio leito do río e da ría de Corme e Laxe, polo que a avaliación de afeccións á Rede Natura 2000 é insuficiente e incompleta.

**SEGUNDO.-** Instar a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade da Xunta de Galicia a que:
− Denegue a Autorización Ambiental Integrada e emita Declaración de Impacto Ambiental Desfavorable para o proxecto "Planta de Biogás Laracha".
− Con carácter subsidiario, en caso de que non se denegue, impoña as seguintes condicións mínimas e inescusables:
o Estudo da capacidade de carga do río Anllóns que inclúa o vertido acumulado con Cárnicas Vista Alegre, S.L. e avalíe especificamente os períodos de estiaxe.
− Prohibición ou severa limitación do vertido durante os meses de xuño a setembro (período de estiaxe).
− Depósito de seguridade de digestato líquido con capacidade mínima de 15 días (2.094 metros cúbicos) para garantir cero vertidos en caso de fallo do EDARi.
− Canalización do foco do biofiltro para facer medibles as súas emisións, cun Plan de Control de Emisións para $NH_3$ e $H_2S$ con medicións periódicas semestrais.
